CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

CONVOCATORIA SESION PLENARIA ORDINARIA

No uso das atribucións conferidas a esta alcaldía, en base ao artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local; artigo 61.1.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; artigo 47 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convócaselle á **SESION PLENARIA ORDINARIA DA CORPORACION,** que se celebrará na Salón de Sesións da Casa do Concello, **ás 20:00 horas, do día xoves 27 de marzo de 2025**, en Primeira convocatoria, e dous días despois á mesma hora, en segunda convocatoria, segundo o disposto no artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ao mesmo tempo lémbraselle a vostede a obriga de asistir, de conformidade co disposto no artigo 78.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local e artigo 228 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A partir desta data, ten vostede á súa disposición na Secretaría do Concello, os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día que se lle detalla de seguido:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES
2. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2024. EXPEDIENTE 2025/T019/000001
3. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO ANO 2024, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS. EXPEDIENTE. 2025/T019/000001
4. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO AO ABEIRO DO ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL. EXPEDIENTE. 2025/T019/000001
5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024
6. DACIÓN DE CONTA DE ASUNTOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS
7. PLAN ECONÓMICO-FINANCIEIRO DO CONCELLO DE BERGONDO 2025-2026
8. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS_ REC PLENO
9. MODIFICACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2025 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1_SC
10. APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO A 31 DE DECEMBRO DE 2024 DOS USUARIOS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: KLQlQbETxvHWPklClrrJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
11. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE MARXES DA TRAVESÍA DE SAN CIDRE E DO ACCESO AO MONASTERIO DE SAN SALVADOR. T.M. DE BERGONDO. POS+ADICIONAL 2/2024
12. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA NÚM. 63/2015, SOBRE PERSOAMENTO E ENCOMENDA DE DEFENSA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PO 263/2024 PERANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA
13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ASESORÍA TÉCNICA EN URBANISMO
14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CUBERTA DA POLIDEPORTIVA DE OUCES
15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA IMPULSAR A XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS
16. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA
17. MOCIÓNS URXENTES
18. ROGOS E PREGUNTAS

Bergondo, luns 24 de marzo de 2025

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

CVD: KLQlQbETxvHWPklClrrJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).